*Comunicado publicado na páxina de SOS-Sanidade Pública, apoiando a convocatoria de folga para os días 9 e 10 e chamando á poboación a mobilizarse o día 10.*

**---.---.---.---.----**




A ***Plataforma SOS Sanidade Pública*** chama a toda a poboación galega a apoiar a folga dos traballadores e traballadoras da sanidade contra os recortes, os copagos e a privatización da sanidade pública galega.

A Xunta de Galicia está desmantelando e privatizando os servizos sanitarios públicos,

repartindo as parcelas máis atractivas económicamente entre grupos empresariais afíns, aseguradoras, multinacionais, fondos de investimento, bancos e construtoras.

Esta política está poñendo barreiras ao acceso da poboación aos servizos asistenciais obrigando a pagar os medicamentos aos/ás pensionistas, aos/ás pacientes tratados/as nos hospitais por enfermidades graves como o cancro, o mesmo que as próteses, ambulancias ou alimentos especiais. Agora ten previsto que os/as enfermos/as paguen unha parte da asistencia que reciban e que actualmente é gratuita no momento do uso.

Coa coartada de reducir gasto público para pagar bancos e especuladores internacionais a Xunta de Galicia está pechando hospitais, centros de saúde, laboratorios, servizos de ambulancias, reducindo persoal sanitario e precarizando as súas condicións de traballo nos centros sanitarios.

Chegou o momento de articular unha grande alianza entre poboación e traballadores/as da sanidade en defensa dunha sanidade pública de calidade e por recuperar o dereito a unha sanidade pública universal accesible e de calidade.

Se os/as afectados/as, que somos a maioría social e profesional, non reaccionamos de xeito urxente, deica pouco o desmantelamento e privatización da sanidade pública será irreversible, xa que a Xunta transformaría os centros sanitarios en empresas privadas, recortando o persoal, e obrigándonos a pagar pola asistencia sanitaria.

***O día 10 de decembro debemos saír manifestarnos en toda Galicia, xunto cos traballadores e traballadoras da sanidade en folga, pola defensa da sanidade pública***

**Non ás privatizacións**

**Non aos copagos**

**Non aos recortes**

**Por unhas condicións laborais dignas do persoal da sanidade**

**Polo acceso universal á sanidade**

**Pola gratuidade das prestacións**

**Por unha sanidade pública de calidade**

---

**Mobilizacións convocadas para o día 10 de decembro:**

**O Barco Hospital Comarcal. 20h.**

**Ourense Pavillón dos Remedios. 20h.**

**Burela Hospital da Costa. 20:30h.**

**Vigo Hospital Xeral. 20h.**

**Ferrol Praza de España, Fontenla Maristany. 18h.**

**Lugo Edificio Multiusos Xunta de Galiza. 20h.**

**Pontevedra Porta Principal Hospital Provincial 20h.**

**Santiago Praza Roxa 20h.**

**A Coruña Casa do Mar (Avda do Exército) 20h.**

**Barbanza Centro de Saúde 20h.**

**Monforte Praza de España 20h.**

**O Salnés Porta principal Hospital do Salnés 14h.**

**Cee Porta Principal Hospital Virxe da Xunqueira. 12h.**